

Disposición adicional oitava. *Cesión de datos persoais nos supostos de comprobación de ingresos da unidade familiar.*

Entenderase que a solicitude de condición de familia numerosa supón o consentimento para a cesión de datos de carácter persoal necesarios para a comprobación de ingresos económicos da unidade familiar por parte do órgano xestor.

Disposición transitoria primeira. *Clasificación das familias numerosas.*

A partir da entrada en vigor desta lei, as familias numerosas que teñan recoñecido un título de acordo coa Lei 25/1971, do 19 de xuño, quedarán automaticamente clasificadas nas seguintes categorías:

a) As clasificadas na primeira categoría que teñan menos de cinco fillos quedarán incluídas na categoría xeral.

b) As clasificadas na primeira categoría que teñan cinco ou seis fillos, así como as que teñan catro fillos nos supostos referidos nos números 1, letra a) e 2 do artigo 4 desta lei, quedarán incluídas na categoría especial.

c) As clasificadas na segunda categoría e na categoría de honra quedarán igualmente incluídas na categoría especial.

Disposición transitoria segunda. *Mantemento dos beneficios previstos pola Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección das familias numerosas.*

1. Ata que queden desenvolvidos os beneficios previstos nesta lei, en cada ámbito territorial e competencial, continuarán sendo de aplicación os previstos na Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección das familias numerosas, e demais normas regulamentarias ata o de agora vixentes ó respecto.

2. Naqueles supostos en que os beneficios previstos ó abeiro da lexislación anterior sexan diferentes segundo a categoría de que se trate, a partir da entrada en vigor desta lei:

a) Ás familias que quedan clasificadas na categoría xeral seranlles de aplicación os beneficios previstos para a primeira categoría.

b) As familias que quedan clasificadas na categoría especial aplicaráselle-las beneficios previstos para a categoría de honra.

3. As familias que tivesen a categoría de honra de acordo co previsto na Lei 25/1971, do 19 de xuño, conservarán o dereito ós beneficios previstos para a categoría especial, aínda que o número de fillos computables sexa inferior ó que esta lei require para ser cualificada como familia numerosa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, queda derogada a Lei 25/1971, do 19 de xuño, sobre protección das familias numerosas, e o Decreto 3140/1971, do 23 de decembro, que a desenvolvía, así como as demais normas legais ou regulamentarias que se opoñan ou sexan incompatibles co establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta lei, que, de acordo co previsto nos artigos 39 e 53 da Constitución, define as condicións básicas para

garanti-la protección social, xurídica e económica das familias numerosas, resulta de aplicación xeral ó abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución. Excepciónanse do anterior os artigos 11 ó 16, ambos inclusive, que resultan só de aplicación directa no ámbito da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, desenvolvemento e execución desta lei, tendo en conta, para efectos dos beneficios outorgados ás familias numerosas, as categorías en que estas estean clasificadas de acordo co previsto no artigo 4 e as rendas das unidades familiares en relación co número de membros destas.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21053** LEI 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade. («BOE» 277, do 19-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Son múltiples os mecanismos que, en cumprimento do mandato que o artigo 49 da Constitución lles dá ós poderes públicos, tentan responder á especial situación das persoas con discapacidade, ordenando os medios necesarios para que a minusvalidez que padecen non lles impida o disfrute dos dereitos que a tódolos cidadáns lles recoñecen a Constitución e as leis, logrando así que a igualdade entre tales persoas e o resto dos cidadáns sexa real e efectiva, tal e como esixe o artigo 9.2 da Constitución.

Hoxe constitúe unha realidade a supervivencia de moitos discapacitados ós seus proxenitores, debido á mellora de asistencia sanitaria e a outros factores, e novas formas de discapacidade como as lesións cerebrais e medulares por accidentes de tráfico, enfermidade de Alzheimer e outras, que fan aconsellable que a asistencia económica ó discapacitado non se faga só con cargo ó Estado ou á familia, senón con cargo ó propio patrimonio que permita garanti-lo futuro do minusválido en previsión doutras fontes para custear-las gastos que deben afrontarse.

Esta lei ten por obxecto regular novos mecanismos de protección da persoas con discapacidade, centrados nun aspecto esencial desta protección, como é o patrimonial.

Efectivamente, un dos elementos que máis repercuten no benestar das persoas con discapacidade é a existencia de medios económicos ó seu dispor, suficientes para atender-las súas necesidades vitais específicas.

En gran parte, tales medios son proporcionados polos poderes públicos, sexa directamente, a través de servizos públicos dirixidos a estas persoas, sexa indirectamente, a través de distintos instrumentos como beneficios fiscais ou subvencións específicas.

Sen embargo, outra parte importante destes medios procede da propia persoa con discapacidade ou da súa familia, e é a esta parte á que tenta atender esta lei.

## II

Desta forma, o obxecto inmediato desta lei é a regulación dunha masa patrimonial, o patrimonio especialmente protexido das persoas con discapacidade, a cal queda inmediata e directamente vinculada á satisfacción das necesidades vitais dunha persoa con discapacidade, favorecendo a constitución deste patrimonio e a achega a título gratuito de bens e dereitos a aquela.

Os bens e dereitos que forman este patrimonio, que non ten personalidade xurídica propia, íllanse do resto do patrimonio persoal do seu titular-beneficiario, e sométese a un réxime de administración e supervisión específico.

Trátase dun patrimonio de destino, por canto as distintas achegas teñen como finalidade a satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares.

Beneficiarios deste patrimonio poden ser, exclusivamente, as persoas con discapacidade afectadas por uns determinados graos de minusvalidez, e isto con independencia de que concorran ou non nelas as causas de incapacitación xudicial recollidas no artigo 200 do Código civil e de que, concorrendo, tales persoas fosen ou non xudicialmente incapacitadas.

A regulación contida nesta lei enténdese sen prexuízo das disposicións que se puidesen ter aprobado nas comunidades autónomas con dereito civil propio, as cales teñen aplicación preferente de acordo co artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución española e os diferentes estatutos de autonomía, séndolles de aplicación esta lei con carácter supletorio, conforme a regra xeral contida no artigo 13.2 do Código civil.

## III

Esta constitución do patrimonio corresponde á propia persoa con discapacidade que vaia ser beneficiaria deste ou, en caso de que esta non teña capacidade de obrar suficiente, ós seus pais, titores ou curadores de acordo cos mecanismos xerais de substitución da capacidade de obrar regulados polo noso ordenamento xurídico, ou ben ó seu gardador de feito, no caso de persoas con discapacidade psíquica.

A constitución require, inescusablemente, dunha achega orixinaria de bens e dereitos, aínda que unha vez constituído o patrimonio, calquera persoa con interese lexítimo pode realizar achegas a este patrimonio, prevéndose mesmo a posibilidade de que tanto as achegas simultáneas á constitución do patrimonio protexido como as posteriores se poidan facer malia a oposición dos pais, titores ou curadores, cando así o considere o xuíz por lle convir ó beneficiario do patrimonio. En todo caso, as achegas de terceiros deberán realizarse sempre a título gratuito.

Sen embargo, cando a persoa con discapacidade teña capacidade de obrar suficiente, e de acordo co principio xeral de autonomía persoal e libre desenvolvemento da personalidade que informa o noso ordenamento xurídico (artigo 10.1 da Constitución), non se poderá constituír

un patrimonio protexido no seu beneficio ou facer achegas a este en contra da súa vontade.

Así mesmo, cando a achega a realiza un terceiro, e por terceiro enténdese calquera persoa distinta do beneficiario do patrimonio, incluídos os pais, titores ou curadores, constituíntes deste, o achegador poderá establecer-lo destino que se lles deba dar ós bens ou dereitos achegados, unha vez extinguido o patrimonio protexido, determinando que tales bens ou dereitos revertan no achegador ou nos seus herdeiros ou dándolles calquera outro destino lícito que coide oportuno. Sen embargo, esta facultade do achegador ten un límite, xa que a saída do ben ou dereito achegado do patrimonio protexido tan só se poderá producir por extinción deste, o que elimina a posibilidade de afeccións de bens e dereitos a termo.

Por outro lado, a existencia deste patrimonio, e o especial réxime de administración a que este se somete, en nada modifican as regras xerais do Código civil ou, de se-lo caso, dos dereitos civís autonómicos, relativas ós distintos actos e negocios xurídicos, o cal implica que, por exemplo, cando un terceiro faga unha achega a un patrimonio protexido mediante doazón, esta doazón poderá rescindir-se por ser realizada en fraude de acredores, revogarse por superveniencia ou supervivencia de fillos do doador ou poderá reducirse por inoficiosa, se concorren os requisitos que para isto esixe a lexislación vixente.

## IV

En canto á administración do patrimonio, e o termo administración emprégase aquí no sentido máis amplo, comprensivo tamén dos actos de disposición, pártese da regra xeral de que tódolos bens e dereitos, calquera que sexa a súa procedencia, se suxeitan ó réxime de administración establecido polo constituínte do patrimonio, o cal ten plenas facultades para establece-las regras de administración que considere oportunas, favorecéndose desta forma que a administración poida corresponder a entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención ás persoas con discapacidade, aínda que isto cunha distinción, xa que:

Cando o constituínte do patrimonio protexido sexa o beneficiario deste, e á vez teña capacidade de obrar suficiente, aplícase sen máis a regra xeral expresada.

En tódolos demais casos, as regras de administración deberán prever que se requira autorización xudicial nos mesmos supostos en que o titor a require respecto dos bens do tutelado, aínda que se permite que o xuíz poida flexibilizar este réxime da forma que se coide oportuna cando as circunstancias concurrentes no caso concreto así o fixesen conveniente e, en todo caso, sen que sexa preciso acudir ó procedemento de poxa pública recollido na Lei de axuízamento civil.

Dado o especial réxime de administración a que se suxeita o patrimonio protexido, é perfectamente posible que, malia o seu beneficiario ter capacidade de obrar suficiente, a administración do patrimonio non lle corresponda a el, senón a unha persoa distinta, sexa porque así o quixo a propia persoa con discapacidade, cando ela mesma constituíse o patrimonio, sexa porque o dispuxese así o constituínte do patrimonio e o aceptase o beneficiario, cando o constituínte sexa un terceiro.

En cambio, cando o beneficiario do patrimonio protexido non teña capacidade de obrar suficiente, o ou os administradores do patrimonio protexido poden non se-los pais, titores ou curadores a que legalmente corresponde a administración do resto do patrimonio da persoa con discapacidade, o cal fai conveniente que a lei prevexa expresamente que a representación legal da persoa con discapacidade para tódolos actos relativos ó patrimonio

protexido corresponda, non ós pais, titores ou curadores, senón ós seus administradores, aínda que a representación legal está referida exclusivamente ós actos de administración.

Así mesmo, a lei regula a extinción do patrimonio protexido, a cal, deixando á marxe o caso especial de que o xuíz poida acorda-la súa extinción cando así conveña ó interese da persoa con discapacidade, só se produce por morte ou declaración de falecemento do seu beneficiario ou ó deixar este de padecer unha minusvalidez nos graos establecidos pola lei.

Nestes casos, préstaselles especial atención ós bens e dereitos achegados por terceiros, os cales se aplicarán á finalidade prevista polo achegador ó realiza-la achega, aínda que cando fose material ou xuridicamente imposible cumprir esta finalidade se lles dará outra, o máis análoga e conforme posible coa vontade do achegador, en técnica similar á conmutación modal regulada polo artigo 798 do Código civil e atendendo, se procede á natureza dos bens e dereitos que integran o patrimonio protexido no momento da súa extinción e en proporción ás diferentes achegas.

## V

Aspecto fundamental do contido da lei é o da supervisión da administración do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

O primeiro aspecto que destaca desta supervisión é que o constituínte pode establece-las regras de supervisión e fiscalización da administración do patrimonio que considere oportunas.

En segundo lugar, a supervisión institucional do patrimonio protexido corresponde ó Ministerio Fiscal, respecto do cal se prevén dous tipos de actuacións, a saber:

a) Unha supervisión permanente e xeral da administración do patrimonio protexido, a través da información que, periodicamente, o administrador lle debe remitir.

b) Unha supervisión esporádica e concreta, xa que cando as circunstancias concorrentes nun momento determinado o fixesen preciso, o Ministerio Fiscal pode solicitar do xuíz a adopción de calquera medida que se estime pertinente en beneficio da persoa con discapacidade. Para estes efectos, o Ministerio Fiscal pode actuar tanto de oficio como por solicitude de calquera persoa, e será oído en tódalas actuacións xudiciais que afecten o patrimonio protexido, aínda que non sexan instadas por el.

Por outro lado, a lei crea a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, que ten como función básica ser un órgano externo de apoio, auxilio e asesoramento do Ministerio Fiscal no exercicio das súas funcións, sen prexuízo das demais que regulamentariamente se lle puidesen atribuír.

Dada a importancia desta comisión, e a especialización que as súas funcións poden requirir, prevese que participen nela, en todo caso, representantes da asociación de utilidade pública, máis representativa no ámbito estatal, dos diferentes tipos de discapacidade.

Por último, adóptanse dúas medidas de publicidade rexistral importantes, xa que:

Dunha banda, cando a administración do patrimonio protexido non corresponde nin ó propio beneficiario nin ós seus pais, titores ou curadores, a representación legal que o administrador ten sobre o beneficiario do patrimonio para tódolos actos relativos a este débese facer constar no Rexistro civil.

Doutra, prevese que no Rexistro da Propiedade conste a condición dun ben ou dereito real inscrito como integrante dun patrimonio protexido.

## VI

Sen embargo, o contido da lei non acaba na regulación do patrimonio protexido das persoas con discapacidade, senón que, ademais, se incorporan distintas modificacións da lexislación vixente que tentan mellorar-la protección patrimonial destas persoas, aumentando as posibilidades xurídicas de afectar medios económicos á satisfacción das necesidades destas persoas ou que, en xeral, melloran o tratamento xurídico das persoas con discapacidade. Estas modificacións realízanse seguindo as pautas aconselladas pola Comisión Xeral de Codificación.

Delas, destaca en primeiro lugar a regulación da autotutela, é dicir, a posibilidade que ten unha persoa capaz de obrar de adopta-las disposicións que coide convenientes en previsión da súa propia futura incapacitación, o cal pode ser especialmente importante no caso de enfermidades dexenerativas.

Efectivamente, se xa os pais poden adopta-las medidas que consideren oportunas respecto da persoa e bens dos seus fillos menores ou incapacitados, non se ven obstáculos para que esta mesma posibilidade corresponda a unha persoa con capacidade de obrar suficiente respecto de si mesmo, para o caso de ser incapacitado.

Esta autotutela regúlase introducindo uns cambios mínimos no Código civil, consistentes en habilita-las persoas capaces para adopta-las disposicións que considere oportunas en previsión da súa propia incapacitación, e isto no mesmo precepto que regula as facultades parentais respecto da tutela, e en altera-la orde de delación da tutela, preferindo como titor en primeiro lugar o designado polo propio tutelado, se ben sen modifica-la facultade xenérica que lle corresponde ó xuíz de altera-la orde de delación cando así conveña ó interese do incapacitado pero sempre que sobreviñesen circunstancias que non se tomasen en conta ó efectua-la designación.

Ademais, garántese, mediante os mecanismos oportunos que o xuíz que estivese coñecendo da constitución da tutela poida coñece-la eventual existencia de disposicións relativas a ela, sexan dos pais, sexan do propio incapaz.

Complemento desta regulación da autotutela é a reforma do artigo 1732 do Código civil, con obxecto de establecer que a incapacitación xudicial do mandante, sobrevida ó outorgamento do mandato, non sexa causa de extinción deste cando o mandante dispuxese a súa continuación malia a incapacitación, e isto sen prexuízo de que esta extinción poida ser acordada polo xuíz no momento de constitución da tutela sobre o mandante ou, nun momento posterior, por instancia do titor.

Por último, lexitímase o presunto incapaz a promover-la súa propia incapacidade, modificándose, polo tanto, o artigo 757.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de auxilio civil.

## VII

En segundo lugar, introdúcense distintas modificacións do dereito de sucesións. Desta forma:

a) Configúrase como causa de indignidade xeradora de incapacidade para suceder *ab intestato* non lle ter prestado ó causante as atencións debidas durante a súa vida, entendendo por tales os alimentos regulados polo título VI do libro I do Código civil, e isto aínda que o habente causa non fose unha das persoas obrigadas a prestalos.

b) Permítese que o testador poida gravar cunha substitución fideicomisaria a lexítima estricta, pero só cando isto beneficiase un fillo ou descendente xudicialmente incapacitado. Neste caso, a diferenza doutros regulados na lei, como se aclara a través dunha nova

disposición adicional do Código civil, esíxese que conorra a incapacitación xudicial do beneficiado, e non a minusvalidez deste no grao establecido no artigo 2.2 da lei.

c) Refórmase o artigo 822 do Código civil, dando unha protección patrimonial directa ás persoas con discapacidade mediante un trato favorable ás doazóns ou legados dun dereito de habitación realizados a favor das persoas con discapacidade que sexan lexitimarias e convivan co doador ou testador na vivenda habitual obxecto do dereito de habitación, aínda que coa cautela de que o dereito de habitación legado ou doado será intransmisible.

Ademais, este mesmo precepto concédelle ó lexitimario con discapacidade que o necesite un legado legal do dereito de habitación sobre a vivenda habitual na que convívise co causante, ben que a salvo de calquera disposición testamentaria deste sobre o dereito de habitación.

d) Refórmase o artigo 831 do Código civil, co obxecto de introducir unha nova figura de protección patrimonial indirecta das persoas con discapacidade. Desta forma, concédenselle ó testador amplas facultades para que no seu testamento lle poida conferir ó cónxuxe supérstite amplas facultades para mellorar e distribuí-la herdanza do premorto entre os fillos ou descendentes comúns, o cal permitirá non precipita-la partición da herdanza cando un dos descendentes teña unha discapacidade, e adiar esta distribución a un momento posterior en que se poderá ter en conta a variación das circunstancias e a situación actual e necesidades da persoa con discapacidade. Ademais, estas facultades pódennllelas concede-los proxenitores con descendencia común, aínda que non estean casados entre si.

e) Introdúcese un novo parágrafo ó artigo 1041 do Código civil co fin de evitar traer a colación os gastos realizados polos pais e ascendentes, entendendo por estes calquera disposición patrimonial, para cubri-las necesidades especiais dos seus fillos ou descendentes con discapacidade.

## VIII

En terceiro termo, introdúcese dentro do título XII do libro IV do Código civil, dedicado ós contratos aleatorios, unha regulación sucinta pero suficiente dos alimentos convencionais, é dicir, da obriga alimenticia xurdida do pacto e non da lei, a diferenza dos alimentos entre parentes regulados polos artigos 142 e seguintes do dito corpo legal.

A regulación deste contrato, frecuentemente formalizado na práctica e examinado en ocasións pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, amplía as posibilidades que actualmente ofrece o contrato de renda vitalicia para atende-las necesidades económicas das persoas con discapacidade e, en xeral, das persoas con dependencia, como os anciáns, e permite ás partes que formalicen o contrato cuantificaren a obriga do alimentante en función das necesidades vitais do alimentista.

A súa utilidade resulta especialmente patente no caso de que sexan os pais dunha persoa con discapacidade os que lle transmitan ó alimentante o capital en bens mobles ou inmobles en beneficio do seu fillo con discapacidade, a través dunha estipulación a favor de terceiro do artigo 1257 do Código civil.

## IX

O capítulo III da lei está dedicado ás modificacións da normativa tributaria, mediante as que se adopta unha serie de medidas para favorece-las achegas a título grauíto ós patrimonios protexidos, reforzando desta maneira os importantes beneficios fiscais que, a favor das per-

soas con discapacidade, introduciu a Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis do imposto sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

Deste modo, a lei procede a modifica-la Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, a Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e o Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, co obxecto de regula-lo réxime tributario aplicable ó discapacitado titular do patrimonio protexido polas achegas que se integren neste e ós contribuíntes a este patrimonio polas achegas que realicen.

En canto ó réxime tributario aplicable ó discapacitado titular do patrimonio protexido polas achegas que se reciban no dito patrimonio, a lei establece que tales achegas terán a consideración de rendemento de traballo ata o importe de 8.000 euros anuais por cada achegador e 24.250 euros anuais en conxunto cando o achegador sexa contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas ou que fose gasto deducible no imposto sobre sociedades dos achegadores co límite de 8.000 euros anuais, cando o achegador sexa suxeito pasivo dese imposto. Non obstante, só se integrarán na base imponible do titular do patrimonio protexido polo importe en que a suma de tales rendementos de traballo e as prestacións recibidas en forma de renda a que se refire o número 3 do artigo 17 da Lei 40/1998, exceda o dobre do salario mínimo interprofesional.

Loxicamente, cando a achega a realicen suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades a favor dos patrimonios protexidos dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores do achegador, unicamente terán a consideración de rendemento do traballo para o titular do patrimonio protexido.

En calquera caso, estes rendementos de traballo non quedan suxeitos a retención ou ingreso á conta.

Tratándose de achegas que non sexan en diñeiro, o discapacitado titular do patrimonio protexido quedará subrogado na posición do contribuínte respecto das datas e do valor de adquisición do ben ou dereito achegado, exceptuándose a posibilidade de aplica-la disposición transitoria novena da Lei 40/1998 cando o ben ou dereito se transmita con posterioridade á achega ó patrimonio protexido.

O réxime tributario aplicable ó titular do patrimonio protexido complétase cunha norma de non suxeición ó imposto sobre sucesións e doazóns pola parte das achegas que teñan para o receptor a consideración de rendementos do traballo.

No que se refire ó réxime aplicable ó contribuínte ó patrimonio protexido da persoa discapacitada, distínguense dous supostos segundo que o achegador sexa contribuínte polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou suxeito pasivo do imposto sobre sociedades.

Deste modo, no primeiro suposto, prevese que as achegas realizadas polos parentes en liña directa ou colateral ata o terceiro grao, o cónxuxe e os titores ou aco-lledores, dean dereito a practicar unha redución da base imponible do achegador que poderá alcanzar, para estas achegas, un importe máximo de 8.000 euros anuais.

As reducións practicadas na base imponible dos achegadores terán, así mesmo, un límite conxunto, de maneira que o total das reducións practicadas por tódalas persoas que efectúen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido non poderá exceder de 24.250 euros anuais. Para estes efectos, introdúcese unha cláusula de diminución proporcional da redución aplicable en caso de que a concorrencia de varios contribuíntes supere o límite conxunto establecido.

En calquera caso, establécese que as achegas que excedan dos límites anteriores poidan dar dereito a reduci-la base impositiva do achegador nos catro períodos impositivos seguintes, regra esta que resulta de aplicación tanto ás achegas en diñeiro como ás que non son en diñeiro.

No segundo dos supostos, isto é, cando as achegas as realizaron suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades ós patrimonios protexidos dos seus traballadores ou dos parentes ou cónxuxes dos traballadores, ou das persoas acollidas polos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, prevese que tales achegas dean dereito á dedución do 10 por cento da cota íntegra prevista no artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades. A achega anual deberá respectar, ademais dos requisitos xerais establecidos no citado artigo 36 quáter, o límite de 8.000 euros anuais por cada traballador ou persoa discapacitada, estando previsto que, se excede deste límite, a dedución que corresponda poderá aplicarse nos catro períodos impositivos seguintes.

En canto á valoración das achegas non en diñeiro ó patrimonio protexido, a norma remite ás regras previstas no artigo 18 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, que se ocupa de regular a base das deducións por donativos, doazóns e achegas realizadas ás entidades beneficiarias do mecenado.

Nos casos de achegas non en diñeiro, e en concordanza coa finalidade perseguida na constitución dos patrimonios protexidos, a lei declara exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, respectivamente, as ganancias patrimoniais e as rendas positivas xeradas con ocasión da realización destas achegas.

Por outro lado, a lei ocúpase das consecuencias fiscais derivadas da realización de actos de disposición dos bens ou dereitos integrantes do patrimonio protexido cando tales actos de disposición se realicen no prazo comprendido entre o período impositivo da achega e os catro seguintes, distinguindo en función da natureza xurídica do achegador.

Deste modo, se quen realizou as achegas ó patrimonio protexido do discapacitado foi un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, este contribuínte estará obrigado a integrar na base impositiva do período impositivo en que se produza o acto de disposición, as cantidades reducidas na base impositiva correspondentes ás disposicións realizadas e máis ós xuros de demora que procedan.

Se as achegas ó patrimonio protexido as realizou un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades, este deberá ingresar no período impositivo en que se produce a disposición a cantidade deducida na cota no período impositivo en que se realizou a achega.

En ámbolos casos, o titular do patrimonio deberá integrar na súa base impositiva correspondente ó período impositivo en que se produce a disposición, a cantidade que deixaría de integrar no período impositivo en que recibiu a achega. Esta obriga trasládase ó traballador cando a achega a realízase un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ó patrimonio protexido dun parente daquel.

Finalmente, co obxecto de asegurar un adecuado control dos patrimonios protexidos das persoas discapacitadas, establécese a obriga para o contribuínte titular dun patrimonio protexido de presentar unha declaración na que se indique a composición do patrimonio, as achegas recibidas e as disposicións realizadas durante o período impositivo, remitíndose neste punto a un posterior desenvolvemento regulamentario.

O conxunto de modificacións na normativa tributaria complétase cun novo suposto de exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados que será aplicable ás achegas ós patrimonios protexidos das persoas con discapacidade.

## CAPÍTULO I

### Patrimonio protexido das persoas con discapacidade

#### Artigo 1. *Obxecto e réxime xurídico.*

1. O obxecto desta lei é favorecer a achega a título gratuito de bens e dereitos ó patrimonio das persoas con discapacidade e establecer mecanismos adecuados para garanti-la afección de tales bens e dereitos, así como dos froitos, produtos e rendementos destes, á satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares.

Tales bens e dereitos constituirán o patrimonio especialmente protexido das persoas con discapacidade.

2. O patrimonio protexido das persoas con discapacidade rexeráse polo establecido nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, e a súa aplicación terá carácter preferente sobre o disposto para regular os efectos da incapacitación nos títulos IX e X do libro I do Código civil.

#### Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. O patrimonio protexido das persoas con discapacidade terá como beneficiario, exclusivamente, a persoa no interese de quen se constituía, que será o seu titular.

2. Para os efectos desta lei unicamente terán a consideración de persoas con discapacidade:

- As afectadas por unha minusvalidez psíquica igual ou superior ó 33 por cento.
- As afectadas por unha minusvalidez física ou sensorial igual ou superior ó 65 por cento.

3. O grao de minusvalidez acreditarase mediante certificado expedido conforme o establecido regulamentariamente ou por resolución xudicial firme.

#### Artigo 3. *Constitución.*

1. Poderán constituír un patrimonio protexido:

- A propia persoa con discapacidade beneficiaria deste, sempre que teña capacidade de obrar suficiente.
- Os seus pais, titores ou curadores cando a persoa con discapacidade non teña capacidade de obrar suficiente.
- O gardador de feito dunha persoa con discapacidade psíquica poderá constituír en beneficio deste un patrimonio protexido cos bens que os seus pais ou titores lle deixasen por título hereditario ou tivese que recibir en virtude de pensións constituídas por aqueles e nos que fose designado beneficiario; todo isto sen prexuízo do disposto nos artigos 303, 304 e 306 do Código civil.

2. Calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar da persoa con discapacidade ou, en caso de que non teña capacidade de obrar suficiente, dos seus pais, titores ou curadores, a constitución dun patrimonio protexido, ofrecendo ó mesmo tempo unha achega de bens e dereitos adecuados, suficiente para ese fin.

En caso de negativa inustificada dos pais ou titores, o solicitante poderá acudir ó fiscal, quen instará do xuíz o que proceda, atendendo ó interese da persoa con discapacidade. Se o xuíz autorizase a constitución do patrimonio protexido, a resolución xudicial determinará o con-

tido a que se refire o punto seguinte desta lei. O cargo de administrador non poderá recaer, salvo xusta causa, no pai, titor ou curador que se negase inxustificadamente á constitución do patrimonio protexido.

3. O patrimonio protexido constituirase en documento público, ou por resolución xudicial no suposto recollido no punto anterior.

Este documento público ou resolución xudicial terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) O inventario dos bens e dereitos que inicialmente constitúan o patrimonio protexido.

b) A determinación das regras de administración e, de se-lo caso, de fiscalización, incluíndo os procedementos de designación das persoas que deban integrar os órganos de administración ou, cando for do caso, de fiscalización. Esta determinación realizarase conforme o establecido no artigo 5 desta lei.

c) Calquera outra disposición que se considere oportuna respecto á súa administración ou conservación.

#### Artigo 4. *Achegas ó patrimonio protexido.*

1. As achegas de bens e dereitos posteriores á constitución do patrimonio protexido estarán suxeitas ás mesmas formalidades establecidas no artigo anterior para a súa constitución.

2. Calquera persoa con interese lexítimo, co consentimento da persoa con discapacidade, ou dos seus pais ou titores ou curadores se non tivese capacidade de obrar suficiente, poderá achegar bens ou dereitos ó patrimonio protexido. Estas achegas deberán realizarse sempre a título gratuito e non poderán someterse a termo.

En caso de que os pais, titores ou curadores negasen inxustificadamente o seu consentimento, a persoa que ofrece a achega poderá acudir ó fiscal, quen instará do xuíz o que proceda atendendo ó interese da persoa con discapacidade.

3. O face-la achega dun ben ou dereito ó patrimonio protexido, os contribuíntes poderán establece-lo destino que se lles deba dar a tales bens ou dereitos ou, de se-lo caso, ó seu equivalente, unha vez extinguido o patrimonio protexido conforme o artigo 6, sempre que quedasen bens e dereitos suficientes e sen máis limitacións que as establecidas no Código civil ou nas normas de dereito civil, foral ou especial, que, de se-lo caso, fosen aplicables.

#### Artigo 5. *Administración.*

1. Cando o constituínte do patrimonio protexido sexa o propio beneficiario deste, a súa administración, calquera que sexa a procedencia dos bens e dereitos que o integren, aterase ás regras establecidas no documento público de constitución.

2. Nos demais casos, as regras de administración, establecidas no documento público de constitución, deberán preve-la obrigatoriedade de autorización xudicial nos mesmos supostos que o titor a require respecto dos bens do tutelado, conforme os artigos 271 e 272 do Código civil ou, de se-lo caso, conforme o disposto nas normas de dereito civil, foral ou especial que fosen aplicables.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a autorización non é necesaria cando o beneficiario teña capacidade de obrar suficiente.

En ningún caso será necesaria a poxa pública para o alleamento dos bens ou dereitos que integran o patrimonio protexido, non sendo de aplicación o establecido para o efecto no título XI do libro III da Lei de axuizamento civil do 3 de febreiro de 1881.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, os constituíntes ou o administrador poderán insta-lo Minis-

terio Fiscal a que solicite do xuíz competente a excepción da autorización xudicial en determinados supostos, en atención á composición do patrimonio, ás circunstancias persoais do seu beneficiario, ás necesidades derivadas da súa minusvalidez, á solvencia do administrador ou a calquera outra circunstancia de análoga natureza.

4. Tódolos bens e dereitos que integren o patrimonio protexido, así como os seus froitos, rendementos ou produtos, deberán destinarse á satisfacción das necesidades vitais do seu beneficiario ou ó mantemento da produtividade do patrimonio protexido.

5. En ningún caso poderán ser administradores as persoas ou entidades que non poidan ser titores, conforme o establecido no Código civil ou nas normas de dereito civil, foral ou especial que, de se-lo caso, fosen aplicables.

6. Cando non se puidese designar administrador conforme as regras establecidas no documento público ou resolución xudicial de constitución, o xuíz competente proverá o que corresponda, por solicitude do Ministerio Fiscal.

7. O administrador do patrimonio protexido, cando non sexa o propio beneficiario deste, terá a condición de representante legal deste para tódolos actos de administración dos bens e dereitos integrantes do patrimonio protexido, e non requirirá o concurso dos pais ou titor para a súa validez e eficacia.

#### Artigo 6. *Extinción.*

1. O patrimonio protexido extinguese pola morte ou declaración de falecemento do seu beneficiario ou por deixar este de te-la condición de persoa con discapacidade de acordo co artigo 2.2 desta lei.

2. Se o patrimonio protexido se extingue por morte ou declaración de falecemento do seu beneficiario, entenderase comprendido na súa herdanza.

Se o patrimonio protexido se extingue por deixa-lo seu beneficiario de cumprilas condicións establecidas no artigo 2.2 desta lei, este seguirá sendo titular dos bens e dereitos que o integran, suxeitándose ás normas xerais do Código civil ou de dereito civil, foral ou especial que, de se-lo caso, fosen aplicables.

3. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo da finalidade que, de se-lo caso, se lles debese dar a determinados bens e dereitos, conforme o establecido no artigo 4.3 desta lei.

No caso de que non se lles puidese dar a tales bens e dereitos a finalidade prevista polos seus achegadores, daráselles outra, o máis análoga e conforme a prevista por estes, atendendo, cando proceda, á natureza e ó valor dos bens e dereitos que integren o patrimonio protexido e en proporción, de se-lo caso, ó valor das diferentes achegas.

#### Artigo 7. *Supervisión.*

1. A supervisión da administración do patrimonio protexido corresponde ó Ministerio Fiscal, que instará do xuíz o que proceda en beneficio da persoa con discapacidade, mesmo a substitución do administrador, o cambio das regras de administración, o establecemento de medidas especiais de fiscalización, a adopción de cautelas, a extinción do patrimonio protexido ou calquera outra medida de análoga natureza.

O Ministerio Fiscal actuará de oficio ou por solicitude de calquera persoa, e será oído en tódalas actuacións xudiciais relativas ó patrimonio protexido.

2. Cando non sexa a propia persoa con discapacidade beneficiaria do patrimonio ou os seus pais, o administrador do patrimonio protexido deberalle render contas da súa xestión ó Ministerio Fiscal cando o determine este e, en todo caso, anualmente, mediante a remisión

dunha relación da súa xestión e un inventario dos bens e dereitos que o formen, todo isto xustificando documentalmente.

O Ministerio Fiscal poderá requirir documentación adicional e solicitar cantas aclaracións coide pertinentes.

3. Como órgano externo de apoio, auxilio e asesoramento do Ministerio Fiscal no exercicio das funcións previstas neste artigo, créase a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, adscrita ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e na que participarán, en todo caso, representantes da asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade.

A composición, funcionamento e funcións desta comisión determinaranse regulamentariamente.

#### Artigo 8. *Constancia rexistral.*

1. A representación legal a que se refire o artigo 5.7 desta lei farase constar no Rexistro civil.

2. Cando o dominio dun ben inmovible ou dereito real sobre este se integre nun patrimonio protexido, farase constar esta cualidade na inscrición que se practique a favor da persoa con discapacidade no Rexistro da Propiedade correspondente.

A mesma mención se fará nos restantes bens que teñan o carácter de rexistrables. Se se trata de participacións en fondos de investimento ou institucións de investimento colectivo, accións ou participacións en sociedades mercantís que se integren nun patrimonio protexido, o notario autorizante ou o xuíz notificaránlle á xestora destes ou á sociedade a súa nova cualidade.

3. Cando un ben ou dereito deixe de formar parte dun patrimonio protexido, quen resulte se-lo seu titular ou teña un interese lexítimo poderá esixir a cancelación das mencións a que se refire o punto anterior.

## CAPÍTULO II

### Modificacións do Código civil e da Lei de axuízamento civil

#### Artigo 9. *Modificacións do Código civil en materia de autotutela.*

Un. O artigo 223 do Código civil quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 223.

Os pais poderán en testamento ou documento público notarial nomear titor, establecer órganos de fiscalización da tutela, así como designar as persoas que os deban integrar ou ordenar calquera disposición sobre a persoa ou bens dos seus fillos menores ou incapacitados.

Así mesmo, calquera persoa coa capacidade de obrar suficiente, en previsión de ser incapacitada xudicialmente no futuro, poderá en documento público notarial adoptar calquera disposición relativa á súa propia persoa ou bens, incluída a designación de titor.

O notario autorizante comunicará de oficio os documentos públicos ós que se refire o presente artigo ó Rexistro civil, para a súa indicación na inscrición de nacemento do interesado.

Nos procedementos de incapacitación, o xuíz solicitará certificación do Rexistro civil e, de se-lo caso, do rexistro de actos de última vontade, para efectos de comproba-la existencia das disposicións a que se refire este artigo.»

Dous. O parágrafo primeiro do artigo 234 do Código civil pasa a te-la seguinte redacción:

«Para o nomeamento de titor preferirase:

1.º O designado polo propio tutelado, conforme o parágrafo segundo do artigo 223.

2.º O cónxuxe que conviva co tutelado.

3.º Os pais.

4.º A persoa ou persoas designadas por estes nas súas disposicións de última vontade.

5.º O descendente, ascendente ou irmán que designe o xuíz.»

Tres. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 239 co contido seguinte:

«A entidade pública a que, no respectivo territorio, estea encomendada a tutela dos incapaces cando ningunha das persoas recollidas no artigo 234 sexa nomeado titor, asumirá por ministerio da lei a tutela do incapaz ou cando este se encontre en situación de desamparo. Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes que lle incumben de conformidade coas leis, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material.»

#### Artigo 10. *Modificación do Código civil en materia de réxime sucesorio.*

Un. Engádeselle un número 7.º ó artigo 756 do Código civil coa seguinte redacción:

«7.º Tratándose da sucesión dunha persoa con discapacidade, as persoas con dereito á herdanza que non lle prestasen as atencións debidas, entendendo por tales as reguladas nos artigos 142 e 146 do Código civil.»

Dous. Modifícase o artigo 782 do Código civil que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 782.

As substitucións fideicomisarias nunca poderán gravar a lexítima, salvo que graven a lexítima estricta en beneficio dun fillo ou descendente xudicialmente incapacitado nos termos establecidos no artigo 808. Se recaesen sobre o tercio destinado á mellora, só se poderán facer en favor dos descendentes.»

Tres. Engádesse un terceiro parágrafo ó artigo 808 do Código civil coa seguinte redacción, pasando a ser cuarto o actual parágrafo terceiro:

«Cando algún dos fillos ou descendentes fose xudicialmente incapacitado, o testador poderá establecer unha substitución fideicomisaria sobre o tercio de lexítima estricta, sendo fiduciarios os fillos ou descendentes xudicialmente incapacitados e fideicomisarios os coherdeiros forzosos.»

Catro. Modifícase o artigo 813 do Código civil, quedando redactado o seu segundo parágrafo do seguinte modo:

«Tampouco poderá impor sobre ela gravame, nin condición, nin substitución de ningunha especie, salvo o disposto en canto ó usufructo de viúvo e o establecido no artigo 808 respecto dos fillos ou descendentes xudicialmente incapacitados.»

Cinco. Os artigos 821 e 822 do Código civil quedarán redactados nos seguintes termos:

«Artigo 821.

Cando o legado suxeito a redución consista nun predio que non admita cómoda división, quedará

este para o legatario se a redución non absorbe a metade do seu valor, e en caso contrario para os herdeiros forzosos; pero aquel e estes deberán aboarse o seu respectivo haber en diñeiro.

O legatario que teña dereito a lexítima poderá reter todo o predio, con tal que o seu valor non supere o importe da porción dispoñible e da cota que lle corresponda por lexítima.

Se os herdeiros ou legatarios non queren usar do dereito que se lles concede neste artigo, venderase o predio en poxa pública, por instancia de calquera dos interesados.

#### Artigo 822.

A doazón ou o legado dun dereito de habitación sobre a vivenda habitual que o seu titular faga a favor dun lexitimario persoa con discapacidade, non se computará para o cálculo das lexítimas se no momento do falecemento ambos estivesen convivindo nela.

Este dereito de habitación atribuiráselle por ministerio da lei nas mesmas condicións ó lexitimario discapacitado que o necesite e que estivese convivindo co falecido, a menos que o testador dispuxese outra cousa ou o excluísese expresamente, pero o seu titular non poderá impedir que continúen convivindo os demais lexitimarios mentres o necesiten.

O dereito a que se refiren os dous parágrafos anteriores será intransmisible.

O disposto nos dous primeiros parágrafos non impedirá a atribución ó cónxuxe dos dereitos regulados nos artigos 1406 e 1407 deste Código, que coexistirán co de habitación.»

Seis. O artigo 831 do Código civil quedará redactado nos seguintes termos:

#### «Artigo 831.

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, poderáselle conferir facultades ó cónxuxe en testamento para que, falecido o testador, poida realizar a favor dos fillos ou descendentes comúns melloras, mesmo con cargo ó tercio de libre disposición e, en xeral, adxudicacións ou atribucións de bens concretos por calquera título ou concepto sucesorio ou particións, incluídas as que teñan por obxecto bens da sociedade conxugal disolta que estea sen liquidar.

Estas melloras, adxudicacións ou atribucións poderá realizalas o cónxuxe nun ou varios actos, simultáneos ou sucesivos. Se non se lle conferise a facultade de facelo no seu propio testamento ou non se lle sinalase prazo, terá o de dous anos contados desde a apertura da sucesión ou, de se-lo caso, desde a emancipación do último dos fillos comúns.

As disposicións do cónxuxe que teñan por obxecto bens específicos e determinados, ademais de lle conferir-lle a propiedade ó fillo ou descendente favorecido, conferiranlle tamén a posesión polo feito da súa aceptación, salvo que nelas se estableza outra cousa.

2. Corresponderalle ó cónxuxe sobrevivente a administración dos bens sobre os que pendan as facultades a que se refire o parágrafo anterior.

3. O cónxuxe, ó exerce-las facultades encomendadas, deberá respecta-las lexítimas estrictas dos descendentes comúns e as melloras e demais disposicións do causante en favor deses.

De non se respecta-la lexítima estricta dalgún descendente común ou a cota de participación nos bens relictos que no seu favor ordenase o causante,

o prexudicado poderá pedir que se rescindan os actos do cónxuxe en canto sexa necesario para lle dar satisfacción ó interese lesionado.

Entenderanse respectadas as disposicións do causante a favor dos fillos ou descendentes comúns e as lexítimas cando unhas ou outras resulten suficientemente satisfeitas aínda que en todo ou en parte o fosen con bens pertencentes só ó cónxuxe que exerza as facultades.

4. A concesión ó cónxuxe das facultades expresadas non alterará o réxime das lexítimas nin o das disposicións do causante, cando o favorecido por unhas ou outras non sexa descendente común. En tal caso, o cónxuxe que non sexa parente en liña recta do favorecido terá poderes, en canto ós bens afectos a esas facultades, para actuar por conta dos descendentes comúns nos actos de execución ou de adxudicación relativos a tales lexítimas ou disposicións.

Cando algún descendente que non o sexa do cónxuxe supérstite sufrise preterición non intencional na herdanza do premorto, o exercicio das facultades encomendadas ó cónxuxe non poderá menoscaba-la parte do preterido.

5. As facultades conferidas ó cónxuxe cesarán desde que pasase a ulterior matrimonio ou a relación de feito análoga ou tivese algún fillo non común, salvo que o testador dispuxese outra cousa.

6. As disposicións dos parágrafos anteriores tamén serán de aplicación cando as persoas con descendencia común non estean casadas entre si.»

Sete. Engádese un segundo parágrafo ó artigo 1041 do Código civil coa seguinte redacción:

«Tampouco estarán suxeitos a colación os gastos realizados polos pais e ascendentes para cubri-las necesidades especiais dos seus fillos ou descendentes con discapacidade.»

#### Artigo 11. *Modificación do Código civil en materia do mandato.*

O artigo 1732 do Código civil quedará redactado nos seguintes termos:

#### «Artigo 1732.

O mandato remata:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Por renuncia ou incapacitación do mandatario.
- 3.º Por morte, declaración de prodigalidade ou por concurso ou insolvencia do mandante ou do mandatario.

O mandato extinguirase, tamén, pola incapacitación sobrevida do mandante a non ser que neste se dispuxese a súa continuación ou o mandato se dese para o caso de incapacidade do mandante apreciada conforme o disposto por este. Nestes casos, o mandato poderá terminar por resolución xudicial dictada ó se constituí-lo organismo tutelar ou posteriormente por instancia do titor.»

#### Artigo 12. *Modificación do Código civil en materia do contrato de alimentos.*

Un. Créase un novo capítulo II dentro do título XII do libro IV do Código civil, baixo a rúbrica «Do contrato de alimentos», que engloba os artigos 1791 a 1797.

Dous. Os artigos 1791 a 1797 do Código civil quedarán redactados nos seguintes termos:



«Artigo 1791.

Polo contrato de alimentos unha das partes obrígase a lle proporcionar vivenda, mantenza e asistencia de todo tipo a unha persoa durante a súa vida, a cambio da transmisión dun capital en calquera clase de bens e dereitos.

Artigo 1792.

De se produci-la morte do obrigado a presta-los alimentos ou de concorrer calquera circunstancia grave que impida a pacífica convivencia das partes, calquera delas poderá pedir que a prestación de alimentos convida se pague mediante a pensión actualizable para satisfacer por prazos anticipados que para eses eventos fose prevista no contrato ou, de non estar prevista, mediante a que se fixe xudicialmente.

Artigo 1793.

A extensión e calidade da prestación de alimentos serán as que resulten do contrato e, na falta de pacto en contrario, non dependerá das vicisitudes do caudal e necesidades do obrigado nin das do caudal de quen os recibe.

Artigo 1794.

A obriga de dar alimentos non cesará polas causas a que se refire o artigo 152, salvo a prevista no seu punto primeiro.

Artigo 1795.

O incumprimento da obriga de alimentos dará dereito ó alimentista sen prexuízo do disposto no artigo 1792, para optar entre esixi-lo cumprimento, incluíndo o aboamento dos devengados con anterioridade á demanda, ou a resolución do contrato, con aplicación, en ámbolos casos, das regras xerais das obrigas recíprocas.

En caso de que o alimentista opte pola resolución, o debedor dos alimentos deberá restituír inmediatamente os bens que recibiu polo contrato e, en cambio, o xuíz poderá, en atención ás circunstancias, acordar que a restitución que, con respecto do que dispón o artigo seguinte, corresponda ó alimentista quede total ou parcialmente aprazada, no seu beneficio, polo tempo e coas garantías que se determinen.

Artigo 1796.

Das consecuencias da resolución do contrato, deberá resultar para o alimentista, cando menos, un superávit suficiente para constituír, de novo, unha pensión análoga polo tempo que lle quede de vida.

Artigo 1797.

Cando os bens ou dereitos que se transmitan a cambio dos alimentos sexan rexistrables, poderase garantir fronte a terceiros o dereito do alimentista co pacto inscrito no que se lle dea á falta de pagamento o carácter de condición resolutoria explícita, ademais de mediante o dereito de hipoteca regulado no artigo 157 da Lei hipotecaria.»

Artigo 13. *Incorporación dunha disposición adicional no Código civil.*

Engádesse unha disposición adicional cuarta no Código civil.

«Disposición adicional cuarta.

A referencia que a persoas con discapacidade se realiza nos artigos 756, 822 e 1041, enten-

derase feita ó concepto definido na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.»

Artigo 14. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, en materia de procesos sobre a capacidade das persoas.*

O número 1 do artigo 757 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, terá a seguinte redacción:

«Artigo 757.

1. A declaración de incapacidade pódeas promoverlo presunto incapaz, o cónxuxe ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable, os descendentes, os ascendentes, ou os irmáns do presunto incapaz.»

### CAPÍTULO III

#### Modificación da normativa tributaria

Artigo 15. *Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2004, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 15, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. A base liquidable será o resultado de practicar na base imponible, nos termos previstos nesta lei, as reducións por rendementos do traballo, prolongación da actividade laboral, mobilidade xeográfica, coidado de fillos, idade, asistencia, discapacidade, achegas a patrimonios protexidos das persoas discapacitadas, achegas e contribucións ós sistemas de previsión social e pensións compensatorias, o cal dará lugar ás bases liquidables xeral e especial.»

Dous. Engádeselle un número 4 ó artigo 16, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. As achegas realizadas ó patrimonio protexido das persoas con discapacidade, regulado na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, terán o seguinte tratamento fiscal para o contribuínte discapacitado:

a) Cando os achegadores sexan contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, terán a consideración de rendementos do traballo ata o importe de 8.000 euros anuais por cada achegador e 24.250 euros anuais en conxunto.

Así mesmo, e con independencia dos límites indicados no parágrafo anterior, cando os contribuíntes sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, terán a consideración de rendementos do traballo sempre que fosen gasto deducible no imposto sobre sociedades co límite de 8.000 euros anuais.

Estes rendementos integraranse na base imponible do contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido polo importe en que a suma de tales rendementos e as prestacións recibidas en

forma de renda a que se refire o número 3 do artigo 17 desta lei exceda dúas veces o salario mínimo interprofesional.

Cando as achegas as realicen suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades a favor dos patrimonios protexidos dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos empregados do achegador, unicamente terán a consideración de rendemento do traballo para o titular do patrimonio protexido.

Os rendementos a que se refire esta alínea a) non estarán suxeitos a retención ou ingreso á conta.

b) No caso de achegas non en diñeiro, o contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido subrogarase na posición do achegador respecto da data e o valor de adquisición dos bens e dereitos achegados, pero sen que, para efectos de posteriores transmisións, lle resulte de aplicación o previsto na disposición transitoria novena desta lei.

A parte da achega non en diñeiro suxeita ó imposto sobre sucesións e doazóns aplicaráselle, para efectos de calcula-lo valor e a data de adquisición, o establecido no artigo 34 desta lei.

c) Non estará suxeita ó imposto sobre sucesións e doazóns a parte das achegas que teña para o receptor a consideración de rendementos do traballo.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 46, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A base liquidable xeral estará constituída polo resultado de practicar na parte xeral da base imponible, exclusivamente e por esta orde, as reducións a que se refiren os artigos 46 bis, 46 ter, 46 quáter, 47, 47 bis, 47 ter, 47 quinquies, 47 sexies, 48, 48 bis e 48 ter desta lei, sen que poida resultar negativa como consecuencia das ditas diminucións.

A base liquidable especial será o resultado de diminuí-la parte especial da base imponible no remanente, se o houber, das reducións previstas no parágrafo anterior sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal diminución.»

Catro. Engádesse un artigo 47 sexies que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 47 sexies. *Reducións por achegas a patrimonios protexidos das persoas discapacitadas.*

1. As achegas ó patrimonio protexido do contribuínte discapacitado efectuadas polas persoas que teñan co discapacitado unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive, así como polo cónxuxe do discapacitado ou por aqueles que o tivesen ó seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, darán dereito a reduci-la base imponible do contribuínte, co límite máximo de 8.000 euros anuais.

O conxunto das reducións practicadas por tódalas persoas que efectúen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido non poderá exceder de 24.250 euros anuais.

Para estes efectos, cando concorran varias achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido, as reducións correspondentes a estas achegas deberán ser minoradas de forma proporcional sen que, en ningún caso, o conxunto das reducións practicadas por tódalas persoas físicas que realicen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido poida exceder de 24.250 euros anuais.

2. As achegas que excedan dos límites previstos no punto anterior darán dereito a reduci-la

base imponible dos catro períodos impositivos seguintes, ata esgotar, de se-lo caso, en cada un deles os importes máximos de redución.

O disposto no parágrafo anterior tamén resultará aplicable nos supostos en que non proceda a redución por insuficiencia de base imponible.

Cando concorran nun mesmo período impositivo reducións da base imponible por achegas efectuadas no exercicio con reducións de exercicios anteriores pendentes de aplicar, practicaranse en primeiro lugar as reducións procedentes dos exercicios anteriores, ata esgota-los importes máximos de redución.

3. Tratándose de achegas non en diñeiro tomarase como importe da achega o que resulte do previsto no artigo 18 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto no achegador con ocasión das achegas ós patrimonios protexidos.

4. Non xerarán o dereito a redución as achegas de elementos afectos á actividade que realicen os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que realicen actividades económicas.

En ningún caso darán dereito a redución as achegas efectuadas polo propio contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido.

5. A disposición no período impositivo en que se realiza a achega ou nos catro seguintes de calquera ben ou dereito achegado ó patrimonio protexido da persoa con discapacidade determinará as seguintes obrigas fiscais:

a) Se o achegador foi un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición as cantidades reducidas da base imponible correspondentes ás disposicións realizadas máis xuros de demora que procedan.

b) Calquera que fose o achegador, o titular do patrimonio protexido que recibiu a achega deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición a cantidade que deixase de integrar no período impositivo en que recibiu a achega como consecuencia da aplicación do disposto no número 4 do artigo 16 desta lei, máis os xuros de demora que procedan.

Nos casos en que a achega a realizase ó patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a que se refire o número 1 deste artigo, un suxeito pasivo do imposto de sociedades, a obriga descrita no parágrafo anterior deberá ser cumprida polo dito traballador.

c) Para os efectos do disposto no número 5 do artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, o traballador titular do patrimonio protexido deberalle comunicar ó empregador que efectuou as achegas, as disposicións que se realizasen no período impositivo.

Nos casos en que a disposición se efectuase no patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a comunicación a que se refire o parágrafo anterior tamén deberá efectualas este traballador.

A falta de comunicación constituirá infracción tributaria simple, sancionable con multa de 100 a 800 euros.

Para os efectos previstos neste punto, tratándose de bens ou dereitos homoxéneos entenderase que foron dispostos os achegados en primeiro lugar.

Non se aplicará o disposto neste punto en caso de falecemento do titular do patrimonio protexido, do contribuínte ou dos traballadores a que se refire o número 2 do artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Cinco. Engádeselle un número 5 ó artigo 86, que quedará redactado nos seguintes termos:

«5. Os contribuíntes deste imposto que sexan titulares do patrimonio protexido regulado na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, deberán presentar unha declaración en que se indique a composición do patrimonio, as achegas recibidas e as disposicións realizadas durante o período impositivo, nos termos que regulamentariamente se establezan.»

Seis. Engádesse un novo número 5 á disposición adicional décimo cuarta, que quedará redactado nos seguintes termos:

«5. As persoas que, de acordo co disposto nos artigos 3 e 4 da Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, interveñan na formalización das achegas ós patrimonios protexidos, deberán presentar unha declaración sobre as citadas achegas nos termos que regulamentariamente se establezan. A declaración efectuarase no lugar, forma e prazo que estableza o ministro de Facenda.»

Artigo 16. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2004, modifícanse o título e o contido do artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 36 quáter. *Deducción por contribucións empresariais a plans de pensións de emprego, a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial ou por achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade.*

1. O suxeito pasivo poderá practicar unha deducción na cota íntegra do 10 por cento das contribucións empresariais imputadas a favor dos traballadores con retribucións brutas anuais inferiores a 27.000 euros, sempre que tales contribucións se realicen a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social de que sexa promotor o suxeito pasivo.

2. Así mesmo, o suxeito pasivo poderá practicar unha deducción na cota íntegra do 10 por cento das achegas realizadas a favor de patrimonios protexidos dos traballadores con retribucións brutas anuais inferiores a 27.000 euros, ou dos seus parentes en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive, dos seus cónxuxes ou das persoas a cargo destes traballadores en réxime de tutela ou acollemento regulados na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuí-

zamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, de acordo coas seguintes regras:

a) As achegas que xeren o dereito a practica-la deducción prevista neste punto non poderán exceder de 8.000 euros anuais por cada traballador ou persoa discapacitada.

b) As achegas que excedan do límite previsto na letra anterior darán dereito a practica-la deducción nos catro períodos impositivos seguintes, ata esgotar, de se-lo caso, en cada un deles o importe máximo que xera o dereito a deducción.

Cando concorran nun mesmo período impositivo deduccións na cota por achegas efectuadas no exercicio, con deduccións pendentes de practicar de exercicios anteriores, practícaranse, en primeiro lugar, as deduccións procedentes das achegas dos exercicios anteriores, ata esgota-lo importe máximo que xera o dereito a deducción.

c) Tratándose de achegas non en diñeiro tomárase como importe da achega o que resulte do previsto no artigo 18 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Estarán exentas do imposto sobre sociedades as rendas positivas que se poñan de manifesto con ocasión das contribucións empresariais a patrimonios protexidos.

3. Cando se trate de traballadores con retribucións brutas anuais iguais ou superiores a 27.000 euros, a deducción prevista nos números 1 e 2 anteriores aplicarase sobre a parte proporcional das contribucións empresariais e achegas que correspondan ó importe da retribución bruta anual sinalado nestes puntos.

4. Esta deducción non se poderá aplicar respecto das contribucións realizadas ó abeiro do réxime transitorio establecido nas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. Así mesmo, non será aplicable no caso de compromisos específicos asumidos cos traballadores como consecuencia dun expediente de regulación de emprego.

5. Cando se efectúen disposicións de bens ou dereitos achegados ó patrimonio protexido dos traballadores, dos seus parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, nos termos previstos nas alíneas b) e c) do número 5 do artigo 47 sexies da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, o suxeito pasivo que efectuou a achega, no período en que se incumprisen os requisitos, conxuntamente coa cota correspondente ó seu período impositivo, ingresará a cantidade deducida conforme o previsto neste artigo, ademais dos xuros de demora.»

Artigo 17. *Modificación do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2004, engádeselle un novo número 20 á alínea B) do artigo 45.1 texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que quedará redactado nos seguintes termos:

«20. As achegas ós patrimonios protexidos das persoas con discapacidade regulados na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade, de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.»

Disposición adicional primeira. *Actos de xurisdicción voluntaria.*

As actuacións xudiciais previstas no capítulo I desta lei tramitaranse como actos de xurisdicción voluntaria sen que a oposición que se puidese facer á solicitude promovida transforme en contencioso o expediente.

Disposición adicional segunda. *Exención no imposto sobre o patrimonio.*

As comunidades autónomas poderán declara-la exención no imposto sobre o patrimonio, dos bens e dereitos referidos na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade, de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno aprobará as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento desta lei no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan gardar esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21187** LEI ORGÁNICA 14/2003, do 20 de novembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal. («BOE» 279, do 21-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

O 23 de decembro de 2000 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros

en España e a súa integración social, dando como resposta ás necesidades presentadas para aborda-la inmigración como feito estrutural que converteu a España nun país de destino dos fluxos migratorios.

A aprobación da mencionada Lei orgánica 8/2000 respondeu tamén á necesidade de incorpora-los compromisos internacionais asumidos por España nesta materia. En especial, foi necesario recolle-los principios adoptados polos xefes de Estado e de Goberno dos países membros da Unión Europea na súa reunión do 16 e 17 de outubro de 1999 en Tampere sobre a creación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza, así como o acervo Schengen sobre réxime de entrada, condicións de expedición de visados, regulación da estada dos estranxeiros, e responsabilidade e sancións a transportistas.

Durante a vixencia da Lei orgánica 8/2000, de reforma da Lei orgánica 4/2000, aconteceron diversas circunstancias que, consideradas no seu conxunto, presentaron a necesidade de adaptar aquela ós continuos cambios dun fenómeno mutable como o migratorio. Así, a carón do considerable incremento producido do número de residentes estranxeiros en España nos últimos anos, tamén se constatou un cambio nas formas en que se produce o feito inmigratorio de que o noso país é receptor, o que xerou un maior coñecemento deste fenómeno co fin de incorporar instrumentos normativos que posibiliten unha mellor e máis sinxela ordenación dos fluxos migratorios, facilitando os medios a través dos que se ha de desenvolver-la inmigración respectuosa coas canles legais, e reforzando os mecanismos para incidir na loita contra a inmigración ilegal, cada vez máis organizada e con maiores recursos para a consecución dos seus obxectivos.

As ditas circunstancias, unidas á necesidade, por unha banda, de adapta-la normativa interna nesta materia ás decisións que durante os dous últimos anos foron tomadas no seo da Unión Europea, así como, por outra, de incorporar determinadas consideracións técnicas efectuadas polo Tribunal Supremo aconsellaron revisar diversos aspectos da lexislación vixente sobre estranxeiría e inmigración.

##### II

Os obxectivos que se perseguen con esta reforma da lexislación vixente son:

1. A mellora da xestión, mediante a simplificación dos trámites administrativos, e a do réxime xurídico das situacións dos estranxeiros en España, así como a determinación dos tipos de visado e os efectos destes, e a loita contra o uso fraudulento dos procedementos administrativos de xestión nesta materia. Todo iso co fin de favorecer-la inmigración legal e a integración dos estranxeiros que, deste xeito, accedan e residan no noso territorio.

2. O reforzamento e, en definitiva, a mellora dos medios e instrumentos sancionadores previstos na Lei orgánica 4/2000, modificada pola Lei orgánica 8/2000, para loitar contra a inmigración ilegal e o tráfico de seres humanos. Neste sentido, igualmente se potencia a colaboración coas compañías de transportes para contar con maior información sobre as persoas que vaian ser trasladadas ata o territorio español. A dita información servirá para mellora-lo fortalecemento dos instrumentos dispoñibles para garanti-la seguridade nos transportes internacionais, especialmente os aéreos.

Así mesmo, refórzanse os procedementos de devolución de estranxeiros que acceden ilegalmente ó noso país e esténdense as condutas tipificadas como infraccións graves a tódalas persoas que, con ánimo de lucro, induzan, favorezan, promovan, ou faciliten a inmigración